

MEMORIA PFPP 2018-2019

Durante este curso 2018-2019 continuouse co Plan de Formación Permanente do Profesorado e o claustro anotouse de novo ao completo. Despois de ter traballado nas liñas de acción relacionadas coa convivencia, coa biblioteca e con Robótica e Edixgal, pensamos que temos atendidas as actuacións para moitas das necesidades atopadas no centro, pero debemos continuar traballando nelas para conseguir estes obxectivos:

- Considerar a biblioteca como centro de planificación curricular, elaborando as programacións por competencias e introducindo as metodoloxías de aprendizaxe activa do alumnado.
- Dominar recursos TIC que permitan aplicar a robótica nas aulas e empregala para desenvolver proxectos que se están a traballar e achegala ás familias.
- Coñecemento do E- dixgal por parte do profesorado implicado e achegamento ás familias.
- Coñecer as metodoloxías necesarias para desenvolver a educación afectiva, social e creativa, traballando pola inclusión e polo desenvolvemento integral do alumnado.

Liña 1. BIBLIOTECA ESCOLAR, ALFABETITIZACIÓNS MÚLTIPLES E APRENDIZAXE, que atendeu o **seminario "A biblioteca como centro de planificación curricular"**, de 30 horas de duración, dedicado á aprendizaxe activa do alumnado a través de actividades ou tarefas interdisciplinares para a avaliación de competencias. Tráballouse a formación ALFIN do alumnado e adquiríronse coñecementos para a elaboración do perfil competencial e o seu manexo para a cualificación das competencias do alumnado. Sería interesante seguir traballando nese proceso de aprendizaxe activa, de paso que se mantén a coordinación para o deseño da programación didáctica, integrando os proxectos diversos de centro na programación curricular de forma consensuada.

Non puidemos contar con persoas docentes expertas en competencias, xa que non estaban dispoñibles. Aínda así, o traballo en equipo fixo que o resultado foi moi satisfactorio, adquiríronse todos os obxectivos establecidos e o tivo gran impacto no centro e na aula.

Liña 2. INICIATIVAS FORMATIVAS NO ÁMBITO STEM. O seminario "A robótica na aula" (20 h) contou cun profesor coordinador que desenvolveu a coordinación cos titores/as do seminario e a formación do alumnado participante, dinamizando a axuda entre os niveis de 5º e 6º de orimaria para o mellor desenvolvemento da actividade. Desenvolvéronse actividades relacionadas cos intereses do alumnado e coa aplicación nos proxectos que se estaban a

desenvolver nas distintas aulas. O obradoiro dos recreos os martes e xoves contou cun público fiel de principio a final de curso.

Liña 3. INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC. TRABALLO COLABORATIVO EN REDE A TRAVÉS DE ESPAZOS VIRTUAIS. EDUCACIÓN DIXITAL. O grupo de traballo "Elaboración de recursos educativos no marco do programa E-Dixgal, de 20 horas de duración, realizou a introdución do profesorado novo do centro ao coñecemento dos recursos Edixgal e continuou a coordinar as actividades conxuntas de aplicación da programación didáctica coas plataformas existentes e co coñecemento das novidades, coa finalidade de realizar o maior aproveitamento da aplicación nas aulas.

Liña 4. Convivencia escolar e clima de aula. Centros saudables. Relación coas familias.

O seminario: "O crecemento socioemocional", de 30 horas de duración, formou ao equipo responsable encargado de levar á práctica, coa guía da fundación Botín unha serie de actividades encamiñadas ao desenvolvemento afectivo do alumnado nas áreas de Educación Plástica, a literatura e a Música. As actividades leváronse a cabo con éxito e o equipo coordinou a súa actuación para a consecución dos obxectivos iniciais. Na área de Plástica, en colaboración coas familias do alumnado dun grupo de segundo de primaria, compartíuse a experiencia con outros centros a través dunha xornada especial en Santiago de Compostela, con exposición do traballo: un refuxio sensorial chamado "Refuxio de desexos e lembranzas do Vales". O balance foi moi positivo e, durante o curso que vén esperamos desenvolver o ámbito social.

O curso "O desenvolvemento afectivo", de 10 horas de duración ao longo do primeiro trimestre, contou coas expertas en coñecemento afectivo do programa e tivo unha audiencia de case a totalidade do claustro. O curso seguinte versará sobre o desenvolvemento social.

Continuaremos a traballar durante o curso que vén na formación da maioría do claustro, atendendo de novo ás necesidades do centro e dos/as docentes. Agradecemos a implicación dos integrantes, o interese das familias que se achegaron ás docencias e que participaron nos proxectos compartidos e ao CFRE polo seu asesoramento e apoio económico para levar a cabo a formación deste curso.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual2/course/view.php?id=154>

Betanzos, 1 de xuño de 2018
Equipo de formación do PFPP